

Memoria de dirección

IES de Lugardos

Curso 2019 -2020



Índice:

1. Obxectivos PXA
2. Resultados académicos
3. Rexistro de actividades
 - 3.1. Teceiro trimestre: estado de alarma e confinamento
4. Xefatura de Estudos
5. Vicedirección

1. Obxectivos PXA

Na análise do curso 19-20 diferéncianse obrigatoriamente as dúas partes marcadas polos acontecementos da pandemia por covid-19. Existe un antes e un despois do decreto de estado de alarma e confinamento da poboación. Todo o que poidamos afirmar deste curso está condicionado pola supresión da docencia presencial a partir do 13 de marzo de 2020.

A nivel académico, temos por unha banda as dúas primeiras avaliacións, que se desenvolveron coa relativa normalidade dos cursos anteriores; e por outra, o terceiro trimestre caracterizado polo traballo telemático con actividades de “recuperación, reforzo e repaso”. Isto afectou tanto aos resultados finais como ao desenvolvemento dos proxectos. Mesmo podemos afirmar que afectará o inicio e seguimento do vindeiro curso.

OBXECTIVO 1: Mellora xeral dos resultados académicos

Aplicáronse as medidas contempladas no *plan de mellora* incluído na PXA. Con todo, o avance significativo de resultados non se deben a este plan, senón ás medidas tomadas consonte as condicións de avaliación para o terceiro trimestre.

Por iso, debemos facer referencia neste apartado ás [Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20](#). Respecto da avaliación, promoción e titulación, as instrucións marcan a excepcionalidade deste curso e, como tal, deixamos constancia:

6.9. (...) a avaliación e cualificación adaptárase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, **sempre e cando beneficie ao alumnado**.

7.2. (...) En todo caso, **a avaliación** das actividades realizadas na fase non presencial **só poderá ter valor positivo** para a cualificación do alumnado.

7.5. **A promoción de curso será a norma xeral** en todas as etapas, considerándose a repetición de curso una medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas (...)

7.6. (...) Os centros educativos revisarán e **flexibilizarán os criterios de titulación** en todas as etapas educativas.

OBXECTIVO 2: Seguimento da oferta educativa do centro, en especial o ciclo de Formación Profesional Básica “Agroxardinaria e composicións florais”.

Neste curso rematou a segunda promoción do ciclo básico con todos os alumnos e alumnas cualificados no título de técnico básico. Ademais, un deles acadaron a titulación ESO ao condiderar o equipo docente que acadara os obxectivos requiridos.

En canto materiais, instalacións e proxección do ciclo acadáronse satisfactoriamente todos os obxectivos. Con todo, fica moito traballo de adaptación deste ciclo básico á oferta do centro. Unha das principais cuestións pendentes de consolidación do profesorado como definitivo do centro e aumentar a matrícula.

Para unha análise máis completa, ver a memoria do departamento de Actividades Agrarias.

OBXECTIVO 3: Integración dos proxectos de centro PLAMBE, EDIXGAL, SEMGAL e ERASMUS+ cara á renovación metodolóxica do profesorado.

Para todos estes proxectos de centro, aos que tamén cómpre engadirmos os **Contratos-Programa**, o **Club de Ciencias**, **EDL** e mais o **PFPP**, as medidas de coordinación resultaron insuficientes. Principalmente consistiron na inclusión dunha hora de reunión dentro do horario lectivo dunha gran parte do profesorado implicado.

Con todo, as achegas en canto a dinamización do centro e renovación pedagóxica é considerablemente positiva. Nos vindeiros cursos deberíanse achar solucións creativas para este problema de coordinación.

OBXECTIVO 4: Detección de necesidades materiais e servizos:



- **Mantemento do edificio e instalacións.**
- **Aulas e laboratorios.**
- **Cafetería escolar e ampliación a un servizo de comedor escolar.**

O grande obxectivo para este curso que era o adecentamento da fachada exterior do edificio, debeu ser posposto. A principal razón foi a necesidade afrontar economicamente as melloras obrigatorias no transformador eléctrico do centro.

A limpeza e reparación da fachada fica adiada provisionalmente por pouco tempo pois a cuestión por estética e revisión de seguridade é importante. Por iso a dirección solicitará unha entrevista co Xefe Territorial para plantear este asunto.


Na medida do posible, a adaptación do laboratorio de química e a mellora da cociña da cafetería escolar realizarase este verán.

2. Resultados académicos




3.º ESO

Promociona: **90%**




4.º ESO

Promociona: **91%**




1.º Bacharelato

Promociona: **95%**




2.º Bacharelato

Titula: **97%**



Avaliación Ordinaria ESA 4

	Ámbito Lingüístico	Ámbito Social	Ámbito Científico Tecnolóxico
Alumnado	8	8	9
Promocionan xuño	6	8	9
Promocionan xuño	75%	100%	100%



3. Rexistro de actividades

CONTEXTO SOCIOECONÓMICO

- Mantemento dos prezos de axuda ao transporte nas saídas escolares (3 euros/medio día; 5euros/día).
- Educación de Adultos: ESA III-IV
- Bacharelato: bolsas de estudo (MEC)
- ESO: Fondo solidario, axudas
- ANPA:Axudas ao transporte nas saídas escolares. Banco de Libros ANPA.
- Concellos: Axudas para o ensino e o transporte do Concello de Mugardos. Comedor escolar municipal.

INSTALACIÓNS E DOTACIÓN MATERIAL

- Adaptación e modernización do transformador eléctrico do centro.
- Xardín: servizo de mantemento e limpeza a cargo do alumnado de FPB Agroxardinaría.
- Pintado do laboratorio de química.
- Pintado do corredor das aulas 14 e 15.
- Taquillas e instalación nos vestiarios masculino e feminino.
- Mesas modulares e cadeiras para a Aula 5.
- TIC: mantemento da aula de informática, aula 5 e equipamentos do centro. Xestión EDIXGAL. Continuidade webs dinámicas. Creación do dominio iesmugardos.gal e conta Google Suite for Education.
- Biblioteca: adquisición de fondos bibliográficos.
- Almacén de actividades agrarias funcionou como “centro de negocio” para o proxecto de eduemprende.
- Mantemento do invernadoiro.
- Comezo da construción de escaleiras para o acceso á zona de compostaxe no fondo do pavillón.
- Revisión e cambio de contrato para o mantemento do transformadorelctrico.

OFERTA EDUCATIVA

- Un grupo CUALE: B1.
- Seccións bilingües en 1.º ESO.
- Actividade Física en 2.º Bacharelato.
- Reforzo e afondamento de matemáticas e inglés en bacharelato.
- REFORZA-T (1.º e 2.º ESO)
- PREMAT (3.º e 4.º ESO)
- Club de ciencias
- Club de lectura

ALUMNADO

- Dúas matrículas de honra en Bacharelato.
- Unha matrícula de honra na ESO.
- Mención de honra na Olimpíada Matemática Galega, bacharelato.
- 3.º premio Olimpíada de Filosofía de Galicia, modalidade de disertación, bacharelato.

PROFESORADO

- PFPP con catro itinerarios.
- Catro contratos-programa coa Consellería: REFORZA-T, PREMAT, Convivencia, Igualdade
- Centro SEMgal
- Xubilación da profesora de matemáticas Covadonga Rodríguez-Moldes.

3.1. Teceiro trimestre: estado de alarma e confinamento

Ata o momento de redactar este documento, non temos coñecemento de ningún membro da comunidade educativa que confirmase diagnóstico positivo por covid-19. Ademais da leducia deste dato, é de recoñecemento público o comportamento exemplar de cumprimento das medidas impostas durante o estado de alarma e confinamento.

En especial, cómpre salientar o papel do profesorado que levou o peso da atención educativa e o acompañamento escolar por riba das dificultades engadidas cunha enorme profesionalidade máis alá do deber docente.

CONTEXTO SOCIOECONÓMICO

- Reparto de equipamentos informáticos e conectores de rede. Colaboración das agrupacións locais de Protección Civil de Ares e de Mugardos.

INSTALACIÓNS E DOTACIÓN MATERIAL

- Adquisición de produtos de hixiene (máscaras, xel hidroalcohólico e dispensadores...)
- TIC: dominio iesmugardos.gal e funcionamento coa classroom e plataforma EDIXGAL.
- Emprego do sistema de videoconferencias de Cisco Webex.

OFERTA EDUCATIVA

- Modificacións na FCT de FPBásica (reducións de xornadas e realización de proxecto).
- A auxiliar de conversa, o mestre de REFORZA-TE e mais o profesor de PREMAT prestaron o seu servizo de forma telemática.

ALUMNADO

- Regreso ás clases presenciais do alumnado de 2.º bacharelato e unha semana de clases preparatorias da ABAU.

PROFESORADO

- Teledocencia.
- Adaptación das titorías ao sistema non presencial.
- Publicación do correo electrónico de todo o profesorado.
- Adaptación das ACIS e medidas de atención á diversidade.
- Adaptación da Orientación académica e profesional.
- Elaboración de informes individualizados.
- Reunións de equipos docentes e de departamento por videoconferencia.
- Convocatorias on line dos órganos de goberno: dúas CCP, un Claustro e un Consello Escolar.

PERSOAL NON DOCENTE

- Dobre quenda do persoal de limpeza para atender o regreso do alumnado de 2.º bacharelato ás aulas e momentos de fin de curso (avaliacións, entrega de notas...)

5. MEMORIA FINAL DA XEFATURA DE ESTUDOS

5.1. INTRODUCCIÓN

No presente curso 2019-20 que vimos de rematar, a Xefatura de Estudos vai expoñer nesta memoria final diferentes cuestións que se foron desenvolvendo.

No mes de Xullo, a Xefatura de Estudos, mes de actividade administrativa e non lectiva, participou na elaboración do calendario de exames da convocatoria extraordinaria de Setembro.

O Equipo Directivo, elaborou unha previsión de matrícula e de optativas para poder formalizar os grupos no mes de setembro e facer as peticións de profesorado, neste eido a Xefatura de Estudos colaborou nesta faceta.

5.2. INICIO DO CURSO

O inicio do curso posiblemente fose un tanto menos problemático que o do ano anterior, coido que o traballo feito no curso anterior, sigue dando o seus froitos en canto axilidade e convivencia no centro. Tamén hei de reflitir, que o perfil de alumnado que cursou a FPB de Agroxardinería, é bastante diferente ao alumnado da promoción anterior, iso sen dúbida axudounos a manter certa calma dende o comezo. Así e a todo este ano no primeiro curso a incorporación dun antigo alumno do centro que procedía da ESO, dificultou o desenvolvemento correcto en todos os ámbitos

Dende un comezo, deunos a sensación de que este curso ía ser distinto aos anteriores. Xa posto en marcha o Plan Edixgal dende o ano pasado, non houbo atrancos algúns, e existiu unha perfecta colaboración de todas as partes.

Tívoise unha xuntanza co profesorado novo, para darlles unhas pautas dos procedementos básicos de funcionamento do centro, no ámbito loxístico, convivencia, administrativo....xa que nalgún caso concreto había docentes que non traballaran nunca no ámbito educativo.

5.3. PLAN DE MELLORA

Un ano máis a Xefatura de Estudos, púxose como un dos principais obxectivos, cumprir co Plan de Mellora do curso, e para tentar lograr o propósito elaborou catro estratexias moi básicas:

-Información ás Titorías do citado Plan.

-Información aos pais por medio da web onde aparecían as Miniprogramacións de Curso, de cada Departamento, onde se recollen, procedementos e criterios de avaliación. Elaboración dos calendarios de exames e a súa posterior difusión.

-Relación directa e constante cos distintos Departamentos.

-Redución da conflitividade nas aulas.

As titorías foron sen dúbida, as máis aleccionadas de como obrar nas aulas, poñendo o fincapé nos cursos baixos, para que establecesen ao longo do curso un clima de traballo e exixencia dos seus alumnos. Dende o primeiro momento quixemos destacar a importancia de estar moi atentos a este alumnado pois son o presente e futuro do noso centro e interéсанos moito que aprendan cales son os comportamentos axeitados.

En canto a exposición das miniprogramacións, pretendemos que as familias sexan coñecedoras dos mínimos para que os seus fillos poidan superar as materias. É unha opción irrenunciable, da que estamos orgullosos e que continuaremos levando a cabo todos os anos, á marxe do recelo que existe ao comezo entre os novos integrantes do claustro. Ao mesmo tempo a elaboración dos calendarios de exames e a súa posterior difusión foi un arma chave para que o alumnado soubese en todo momento o día das súas probas, tentando que houbera unha posterior organización e planificación. Ao igual que no curso 18-19, a Xefatura de Estudos, estableceu a SEMANA DE EXAMES, so no Segundo de Bacharelato, porque consideramos que a súa extensión ao Primeiro de Bacharelato non funciona. Outra novidade foi, que os alumnos dos grupos de Segundo Bacharelato, utilizaron a semá de exames tan so para as materias obrigatorias. A medida serviu para mellorar o rendemento académico. Esta iniciativa buscaba que existise un maior aproveitamento do tempo para estudar e preparar as probas. Mantívose a proposta da SEMANA DE EXAMES DE PENDENTES, coa firme idea de continuar nos vindeiros cursos. Pero a parada pola PANDEMIA obrigou a rematar a avaliación das pendentes de forma telemática.

Este ano, a nivel xeral, podemos destacar que seguimos na liña do ano anterior reducindo a conflitividade que se rexistrou no centro, no apartado de PLAN DE CONVIVENCIA, profundizaremos neste aspecto.

5.4. PLAN DE CONVIVENCIA MEDIDAS CORRECTORAS

Se analizamos fríamente os datos, debemos pór en valor a redución da conflitividade dende o primeiro trimestre ao ao segundo algo que xa fomos conscientes o ano anterior. Como medida básica correctora utilizouse un ano máis a denominada AULA DE DIVERSIDADE (AULA 13), por medio da cal, os profesores teñen un primeiro instrumento para mellorar o clima en convivencia da aula. Esta medida consiste no envío á citada aula ao alumnado que ten comportamento disruptivo. Estes datos que presentamos a continuación avalan o dito anteriormente, unha redución da conflitividade.

Do 16 setembro de 2019 ao 13 de marzo de 2020: houbo 25 saídas á Aula 13.

34 partes de conduta en total.

9 EXPULSIONS totais.

Un alumno de FPBÁSICA acumulou o maior número de partes e expulsións

CAUSAS REDUCIÓN:

- A merma de efectivos da FPB, axudou a reducir o número.

-A inmediatez da información por parte da Administración do Centro ao comunicar por vía telefónica ás familias, o feito acontecido.

APERTURA DE EXPEDIENTES, EXPULSIONS E PROTOCOLOS

No devenir do curso non se abriu ningún expediente.

No apartado de PROTOCOLOS, iniciuse e rematouse un PROTOCOLO de ABSENTISMO, que Dende a Xefatura leváronse distintas medidas correctoras de autoxestión no centro que evitaron ter que levantar novos expedientes:

TRABALLOS NA AULA DE CONVIVENCIA (AULA 13)

Moitas das medidas que propuxemos dende a Xefatura de Estudos, tiveron dous obxectivos básicos:

- PROPORCIONALIDADE

- RECONDUCCIÓN

Dende eiquí quero agradecer o traballo dos titores que serviron como DIQUE DE CONTENCIÓN, ante o aluvián de protestas, demandas, queixas....que chegaban nos primeiros meses ao meu despacho. Agora son conscientes de que teñen que respectar os protocolos de actuación, e que os profesores de aula e os respectivos titores deben ser os primeiros sabedores das incidencias.

INCIDENTE CON DANOS Á PROPIEDAD: No mes de xaneiro de 2020, un grupo de alumnos de 1ºESO, estiveron ao longo de dous recreos tirando pedras contra o tellado dunha casa colindante con centro. A Xefatura e a Dirección tomaron medidas despois de identificar aos involucrados. Reunión coas familias para que estas se fixesen cargo dos custos de reparación dos danos causados, en colaboración co centro, que asumiu tamén parte do custo.

Salientar que máis alá dalgún parte e expulsión de mínima cuantía (1 día), o maior problema de reincidencia atopámolo unha vez máis cun alumno que este ano cursara FPBÁSICA, procedente de de 2ºESO. Este alumno acumulou o maior número de partes e expulsións. Neste grupo de

FPBásica, tamén tivemos que indagar para atopar evidencias de roubos nos vestiarios a outros alumnos do centro, conseguindo recuperar parte do sustraído.

Destacar que no apartado de convivencia, o centro segue baixando a conflictividade con respecto a anos pasados, unha labor que conta coa colaboración, esforzo e traballo de todos os membros que formamos partes da comunidade educativa.

5.5. PANDEMIA COVID

Non poderíamos rematar esta memoria sen facer mención o elemento que puxo fin ás aulas presenciais e que obrigou a confinar a todos os axentes educativos (alumnos/docentes...) Esta nova situación e inédita, deu lugar a un escenario cambiante nos meses de marzo, abril, maio e xuño. Dende a Xefatura de Estudos, demos por rematado o curso no ámbito da convivencia ese 13 de marzo. Non foi acabado, no ámbito de reunións telemáticas co equipo directivo e docente, para pór solucións a un tempo tan incerto.

Esta situación superou calquera previsión, pero coido que o centro traballou o mellor posible, a Xefatura de Estudos encargouse de preparar novos horarios para que o alumnado de 2ºBACH, acudise ás aulas a partir de MAIO de forma voluntaria. Ademais busouse a forma de desdobrar os grupos para que non supuxeran un problema de seguridade sanitaria.

Ademais xestionáronse as Xuntas de Avaliación en Xuño, para continuar na liña de seguridade e evitando no máximo posible, unha concentración de docentes e alumnos.

Para rematar con este punto debo de destacar o traballo inxente do Director, Serafín Álvarez Rodríguez, que pelexou cos medios telemáticos para poder ter un seguimento de toda a nosa comunidade educativa.

6. MEMORIA DE VICEDIRECCIÓN

As principais funcións encomendadas ao cargo de vicedirección durante este curso foron tres: a coordinación e organización de actividades extraescolares, a organización e xestión económica da viaxe de estudos de 4º da ESO e a coordinación do Programa escolar de froita e leite na escola.

Destas tres funcións houbo dúas que non foi posible levar a cabo por mor da pandemia do COVID 19 e a suspensión das actividades lectivas presenciais.

O día 13 de marzo de 2020 recomendouse ao alumnado que non acudise aos centros educativos e o 14 decretouse o estado de alarma. A poboación estivo confinada para reducir contaxios e os centros educativos estiveron pechados.

6.1. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O obxectivo neste ámbito será o de continuar na liña dos anos anteriores, caracterizada por un alto grao de participación de profesorado e alumnado en programas e actividades e pola colaboración coas institucións locais, impulsando as iniciativas que xurdan neste apartado. Ademais, para lograr unha maior organización e aproveitamento dos recursos dispoñibles se traballará na procura de ofrecer ao profesorado unha visión panorámica da complexa rede de programas e actividades tecidas no centro. Desglose de obxectivos:

- a.-Impulsar a implicación de alumnado e profesorado nas actividades extraescolares.
- b.-Optimizar a difusión da rede de actividades do centro.
- c.-Maximizar o aproveitamento dos recursos dispoñibles.
- d.-Manter a colaboración coas institucións locais.

6.2. IMPLICACIÓN DO ALUMNADO E PROFESORADO NAS ACTIVIDADES.

Mantense a liña de alta participación de anos anteriores debido aos diferentes programas interdisciplinares do Centro máis as propias dos Departamentos. No relativo á colaboración interdisciplinar, segue a manterse nunha liña ascendente na que destacamos as incluídas no marco do proxecto de centro denominado AS VIAXES e as organizadas pola Biblioteca, así como as incluídas no programa SEMGAL.

Foi notable, ademais, o alto grao de implicación de profesores e alumnos nos actos preparados durante o curso.

PLANS PROXECTA: Este ano houbo un Plan Proxecta: o PDC (proxecto deportivo de centro) Centros activos e saudables, a cargo de Edda Beltrán.

B. OPTIMIZACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE A REDE DE ACTIVIDADES DO CENTRO Para lograr este obxectivo usamos como medio o calendario exposto na Sala de Profesores, enviado tamén por correo a cada profesor/a e seguimos a utilizar ao igual que no curso pasado, un calendario de Google na páxina WEB.

C. MANTEMENTO DA COLABORACIÓN COAS INSTITUCIÓNS LOCAIS.

Este apartado segue a manterse nun estado óptimo. Non houbo moitas actividades por mor da suspensión das actividades lectivas presenciais, pero si houbo obradoiros formativos en relación con Asuntos Sociais do Concello e diferentes entidades: habilidades sociais, sexualidade, iguladade,...

6.3. TRANSPORTE

No relativo a este apartado é de destacar o mantemento da colaboración económica coa ANPA no transporte das actividades extraescolares, sufragando os custos do autobús para o alumnado en determinadas actividades.

6.4. VIAXE DE ESTUDOS DE 4º ESO: SEVILLA, TOLEDO E MADRID

Esta viaxe tiña un presuposto inicial de 405 euros para os 28 alumnos/as que participaban. Houbo dúas persoas que se deron de baixa antes do decreto de estado de alarma, pero o prezo non se incrementou. A participación era, pois, boa. Os/as participantes venderon comida nos recreos e tamén rifas, tanto da ANPA como da axencia de viaxes. Este custo total incluía transporte e aloxamento en MP, entrada ao acuario en Sevilla, actividade de Bosque Suspendido, entrada ao parque Warner e visita a Toledo.

A viaxe non se levou a cabo nas datas establecidas por mor da pandemia. Había a opción de facela en setembro, pero a maior parte do alumnado decidiu non participar, polo que quedou suspendida.

6.5. VIAXE DE ESTUDOS DE 2º ESO A CANTABRIA

O alumnado de 2º de ESO tiña previsto facer unha viaxe de convivencia ao parque de aventuras Cabuerniaventura, visitando Cabárceno, Fuente De, Pites, museo e Neocueva de Altamira e Santillana del Mar. Estaban previstas aventuras de rafting e andainas. Viaxaban a maioría dos/das alumnos/as e tiña un custo de 250 euros por participante.

Esta viaxe íase levar a cabo no mes de maio pero, por mor da pandemia adiouse, en principio, a finais do mes de setembro e primeiros de outubro.

6.6. PROGRAMA ESCOLAR DE FROITA E LEITE

Un ano máis estaba prevista a participación no Programa escolar Froita e Leite, con distribución dos produtos en dous períodos: de novembro a febreiro e de marzo a xuño. Esta distribución non se levou a cabo no primeiro periodo por un problema coa autorización á subministradora nin no segundo pola suspensión das actividades lectivas presenciais.

6.7. RELACIÓN DE ACTIVIDADES DO CURSO 2019-20

Por último, presentamos a continuación unha síntese das actividades organizadas no IES ata o mes de marzo de 2020:

OUTUBRO

- Charlas da asociación Arelas.
- Participación no GIRLSTEM.
- Charlas de Amelia Tiganus.

NOVEMBRO

- Visita ás instalacións de Carbuxo Flor.
- Visita a Endesa.
- Práctica de surf e Megajump.
- Charlas da Garda Civil.
- Charlas da AECC.
- Obradoiro de RAP.
- Teatro no Casino Mugardés.
- Estudo do uso e coñecemento dos medicamentos (fases 1 e 2 de 3).

DECEMBRO

- Concurso de RAP.
- Medrando en Igualdade,
- Condutas adictivas.
- Charla e debate de Igualdade.
- Torneo de bádminton.
- Asistencia ao cine: Maléfica, Maestra del mal.
- Charla e obradoiro de Xeometría.
- Asistencia á proxección das curtas de Vidas Mariñeiras.

XANEIRO

- Teatro (Quasimodo).
- Actividades na piscina municipal.
- Asistencia á Feira de Orientación da Estrada .
- Visita á Casa das Ciencias.
- Visita ao Museo do Caldoval e realización de taller.
- Visita a Lugo.
- Charla sobre as Matemáticas na vida real.
- Participación na Olimpiada Matemática.
- Participación na Olimpiada de Filosofía.


FEBREIRO

- Celebración do entroido.
- Charla sobre a Visión do amor romántico.
- Teatro (Don Juan Tenorio).
- Estudo do uso e coñecemento dos medicamentos (fase 3 de 3).

CONTINUADAS

- Club de Lectura, durante todo o período anterior ao confinamento.
- Chat Club, tamén no período anterior ao confinamento.
- Campionato de Polinomios, no primeiro trimestre.
- Concurso As Viaxes, no primeiro trimestre.
- Participación no Programa Vidas Mariñeiras, ao longo de primeiro trimestre.
- Participación no Open Matemático, no segundo trimestre.

É de salientar que moitísimas actividades non puideron desenvolverse por mor da suspensión das actividades lectivas presenciais. Por citar algúns exemplos: diversas charlas, Canguro Matemático, Semana das Profesións ou Edusolidariedade á mugardesa.



Xubilación de **Covadonga Rodríguez-Moldes Rey**, directora en dous momentos diferentes e sempre profesora de matemáticas no IES de Mugardos desde o ano 1988.